**Unidade 4. Interiores**

Nome: ____________________________________________ Curso: _____ Data: _____

## Ulises e as sereas

Ao emprender esta viaxe Ulises díxolles aos seus homes:
—Imos pasar por diante da illa das Sereas. É preciso que evitemos escoitar as súas feiticeiras cancións, pois segundo contan os homes ao oílas tolean, lánzanse ao mar e morren. Vós poñeredes esta cera de abella nos oídos para non caer baixo o seu influxo e poder saír canto antes do acantilado que lle serve de refuxio. Eu quero oílas para saber porque se tolea coas súas melodías, vós tedes que atarme ao pau maior cunhas fortes cordas. E aínda que vos ordene que me desatedes non me fagades caso, ao contrario apertade máis os nós.
Apenas acabara de dicirlles isto cando albiscamos a illa das Sereas. O vento cesou. O mar parecía durmido. Sen perder un intre os meus homes cumpriron as miñas ordes; arriaron as veas e comezaron a remar.
—Detente Ulises —cantaban as sereas coas súas doces e belas voces que xamais se escoitara na terra.
Eu sentíame atraído de tal maneira que devecía por soltarme.
—Soltarme! —berrou aos meus homes—, son o voso capitán tedes que obedecerme!
Eles, cos oídos taponados non me oían, Eurlíoco acercouse para asegurar as miñas ataduras.
—Castigareivos sen piedade! —urraba inutilmente.
Os mariñeiros seguiron remando sen descanso ata que illa quedou atrás.
Cando me tranquilicei os meus home liberáronme.
Estabamos salvados!

VIVET-RÉMY



© GRUPO EDELVIVES / MATERIAL FOTOCOPIABLE AUTORIZADO

**Unidade 4. Interiores**

Nome: ___________________________________________ Curso: _____ Data: _____

**1. Responde as seguintes preguntas.**

• Onde vivían as sereas?

Na Illa das Seras.

• Que lles pasa aos navegantes cando oen as sereas?

Tolean, lánzanse ao mar e morren.

• Por que pediu Ulises que o ataran ao mastro?

Para que non puidesen escapar.

• Por que os mariñeiros non soltaron a Ulises?

Porque obedeceron as súas ordes.

**2. Fíxate nas ilustracións, di a que momento da historia pertence e describe o que ocorre.**

Os mariñeiros poñen cera nos oídos.

Ulises atado ao mastro e berrando.

**3. Cres que esta historia puido ocorrer realmente? Por que?**

Resposta libre.

© GRUPO EDELVIVES / MATERIAL FOTOCOPIABLE AUTORIZADO

**Unidade 4. Interiores**

Nome: ___________________________________________ Curso: _____ Data: _____

**4. Coa axuda do dicionario escribe.**

→ Catro sinónimos e unha oración con **coitado**.

Apoucado, malpocado, miñaxoia, petapouco.

Resposta libre.

• Dous significados de **suco**.

Fenda que se fai na terra co arado, legoña, etc.

Porción de terra arada que queda entre rego e rego.

• Unha oración co verbo **fulxir**.

Resposta libre.

**5. Escribe tres palabras da familia léxica das seguintes palabras:**

• Suco: sucada, sucar, sucalco.

• Fulxir: fulxente, fúlxido.

**6. Busca no barullo de letras.**

• Diminutivo de suco e coitado.

• Aumentativo de suco.

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S | Ñ | P | O | I | H | G | F | T | U | P |
| U | C | O | I | T | A | D | I | Ñ | O | A |
| C | K | L | Ñ | O | U | I | T | R | E | W |
| A | S | S | C | Q | E | T | L | O | T | E |
| Z | S | U | Q | U | I | Ñ | O | D | G | E |
| O | X | B | N | E | T | U | I | A | D | E |

**7. Escribe unha oración con cada un dos significados de estas palabras.** Resposta libre.

• Cola: ___________________________________________________________

• Serra : __________________________________________________________

**8. Escribe dúas palabras monosémicas e dúas polisémicas.** Resposta libre.

_______________________________________________________________

© GRUPO EDELVIVES / MATERIAL FOTOCOPIABLE AUTORIZADO

## Unidade 4. Interiores

| |
|---|
| Nome: ____________________________________________ Curso: _____ Data: _____ |

## 9. Fíxate nesta bitácora.




## 10. Responde.

• Cal é a entrada da bitácora?

Unha flor que mirar.

• Cal é o titulo?

Brabádegos. Portal de literatura infantil e xuvenil

• Cal é o enderezo da bitácora?

http://brabadegos.blogspot.com.es/

## 11. Pensa que tes unha bitácora ou blog. Sobre que a farías e como a chamarías?

Resposta libre.

© GRUPO EDELVIVES / MATERIAL FOTOCOPIABLE AUTORIZADO